

para o desenvolvemento da superficie industrial e para o da residencial cómpre solicitar novo informe ambiental.

-En canto á modificación nº 5, relativa á cualificación da parcela municipal en Bembibre, procede incluír na normativa o seu carácter público, en consonancia coa xustificación indicada na memoria do proxecto e co disposto no artigo 53.1º i) da Lei 9/2002.

A competencia para adoptar esta decisión correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio de conformidade co disposto no artigo 85.5º da Lei 9/2002.

Por canto antecede, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e coa proposta da Dirección Xeral de Urbanismo, desta mesma data,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Aprobar definitivamente as seguintes modificacións puntuais das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Val do Dubra (A Coruña), aprobadas provisionalmente en sesión plenaria do 12-11-2004:

a) A nº 1, relativa ao réxime das construcións fóra de ordenación, coa condición de que o parágrafo nº 1 do punto II Clases de situacións fóra de ordenación teña a seguinte redacción:

«1. Fóra de ordenación absoluta: corresponde ás construcións e edificacións que quedaron en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións das normas subsidiarias (artigo 103.2º da Lei 9/2002), como, por exemplo, edificios destinados a usos específicos prohibidos polas normas subsidiarias, ou aqueles que ocupen solo cualificado para dotacións públicas, de carácter xeral ou local, zonas verdes, espazos libres ou zonas de dominio público, desconformes coas mesmas. En todo caso haberá que atermos ao disposto no artigo 103.2º da Lei 9/2002».

b) A nº 2, relativa ao cambio do réxime de distancias das cortes situadas en solo non urbanizable de protección agropecuaria.

c) A nº 3, relativa ao solo apto para urbanizar industrial, de conformidade co informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo do 18 de marzo de 2005.

d) A nº 5, relativa á cualificación dunha parcela municipal en Bembibre, coa condición de engadir o carácter público do equipamento cualificado no proxecto.

Artigo 2º

Unha vez incorporados os cumprimentos das condicións sinaladas no artigo anterior, deberá remitirse a esta consellería para a súa aprobación definitiva,

por triplicado exemplar e debidamente dilixenciado en todas as súas follas, o documento resultante logo da súa aprobación polo concello.

Disposición derradeira

Segundo o disposto no artigo 85.9º da citada Lei 9/2002, contra esta orde non cabe recurso en vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Orde do 27 de maio de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2005 a concesión de subvencións aos titulares de autorizacións administrativas de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguridade nos seus vehículos.

Os profesionais dos vehículos destinados ao servizo público de taxi (provistos de preceptiva autorización administrativa de transportes da serie VT-N) veñen soportando actos de delincuencia que, en moitos dos casos, son extremadamente perigosos e que poñen en risco a vida dalgúns destes profesionais, polo que a sociedade galega está moi sensibilizada ante a demanda de novas medidas de seguridade para os vehículos do sector.

Neste sentido, a Xunta de Galicia ten procedido nos últimos anos á promoción de actuacións que contribúan á consecución de sistemas que garantan unha maior seguridade dos titulares de autorizacións de transporte documentadas en tarxetas VT-N. Así, xa se establece unha canle de axudas ao sector para tal fin pola Orde do 6 de agosto de 1999 (DOG nº 156, do 13 de agosto); no ano 2003 realizouse unha actuación concorrente de distintos departamentos desta administración (consellerías de Cultura, Comunicación Social e Turismo; de Xustiza, Interior e Administración Local; de Innovación, Industria e Comercio; e de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda), para o fin de instrumentalizar e canalizar o interese de todos eles cara á consecución daqueles

sistemas de seguridade. No ano 2004 a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda formulou unha dobre convocatoria, a primeira con data do 23 de febreiro, resultando neste caso crédito sobranse polo que se convoca unha segunda por Orde do 2 de setembro (DOG nº 175, do 8 de setembro do 2004).

Por tanto, e considerando a acollida no sector destas medidas, debe neste exercicio continuarse coa liña trazada, razón pola que se procede a unha nova convocatoria de axudas ao sector centrada na dotación do sistema de seguridade GPS, dada a súa maior aceptación; estímase procedente o establecemento nesta anualidade dunha convocatoria de axudas, mantendo as liñas seguidas ata o momento, e simplificando no máis posible as tramitacións que os interesados deban efectuar.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

1. Por esta orde establécense as bases reguladoras e convócanse para o ano 2005, as axudas para a dotación de equipamentos de seguimento para vehículos de transporte que dispoñan de autorización administrativa vixente documentada en tarxeta de transportes da serie VT-N expedida pola Dirección Xeral de Transportes, co fin de facilitar a instalación nos taxis galegos de sistemas que resulten eficaces en consideración ás tecnoloxías que incorporan e que contribúan ao incremento da seguridade no seu traballo profesional.

2. O sistema de seguridade que se vai instalar será un sistema GPS, consistente nun dispositivo tecnolóxico embarcado no taxi, mediante o que nunha situación de emerxencia de inseguridade física do taxista se activa un sinal que se recibe no Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán acceder a esta liña de axudas os titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de Transportes ou órganos periféricos desta consellería competentes para o efecto, e domiciliadas en Galicia. Para tal fin, xerará dereito á axuda cada unha das autorizacións das que sexa titular o solicitante.

As ditas autorizacións deberán estar vixentes no momento de presentación da solicitude.

Non poderán ser beneficiarios desta convocatoria de axudas aqueles que o foran, respecto da mesma autorización e para o mesmo fin, con base nas ordes desta consellería con datas do 8 de setembro de 2003 ou 23 de febreiro e 8 de setembro de 2004.

Artigo 3º.-Imputación orzamentaria e contía.

Esta convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 2004.06.04.413A.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2005, na que existe un crédito para este efecto de

120.000,00 euros, e limitarase ás disponibilidades orzamentarias. Emporiso, as solicitudes de axuda que reúnan todos os requisitos e non resulten beneficiarias poderán ser tidas en consideración, se é o caso, de acordo coas disponibilidades orzamentarias, na seguinte convocatoria de axudas que, se é o caso, se convoque, coa previa confirmación do mantemento da solicitude polo interesado, e no marco das condicións técnicas e requisitos que se establezan.

Os equipamentos que se prevén nesta orde como obxecto da subvención poderán acadar unha axuda económica do 50 por cento (sen IVE) do seu prezo, incluíndo neste tanto o do propio equipamento como os correspondentes aos gastos de colocación, man de obra, equipamento adicional necesario e verificación do seu funcionamento; en todo caso, e para os efectos do previsto neste artigo, considerarase como importe máximo da subvención o de cincocentos euros (500 €).

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de subvención serán formuladas polo titular da autorización administrativa de transportes VT-N, segundo o modelo normalizado que se xunta como anexo I a esta orde, e dirixiranse ao director xeral de Transportes; fíxase como prazo límite para a súa presentación o de corenta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

2. A presentación das solicitudes efectuarase no rexistro xeral desta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda sito nos seus servizos centrais (complexo administrativo de San Caetano s/n, Santiago de Compostela), ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Xunto coa solicitude unirase a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada por órgano oficial competente):

-Fotocopia compulsada do DNI e do NIF ou CIF, cando corresponda, do solicitante.

-Copia da tarxeta de transportes a nome do solicitante, para a que se solicite a axuda.

-Certificación bancaria do número de conta.

-Marca e modelo do sistema de seguridade elixido polo interesado con factura pro forma do provedor.

-Certificado de homologación do sistema de seguridade.

-Informe de validación do sistema GPS expedido polo Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia; en caso de non dispor del en tal momento, deberá achegarse certificación de telo solicitado e que estea pendente de realización das oportunas probas previstas na disposición adicional desta orde.

-Autorización expresa á Dirección Xeral de Transportes, segundo anexo II, para solicitar de calquera organismo público cantos documentos sexan precisos para a verificación dos datos indicados polo solicitante, así como para a tramitación informatizada dos seus datos de carácter persoal que fosen precisos para a fin desta orde de axudas.

-Declaración responsable segundo modelo normalizado incluído no anexo III desta orde referente aos aspectos seguintes:

a) Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.

b) Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

c) Non ter instalado no vehículo para o que solicita a axuda ningún sistema de seguridade como o previsto no artigo 1º desta orde; ou, en caso de telo instalado, non ter sido beneficiario para a súa instalación, das axudas convocadas con base nas ordes desta consellería do 8 de setembro de 2003 ou do 23 de febreiro e do 8 de setembro de 2004.

Cando o solicitante se atope neste último suposto, e como complemento esencial da súa declaración responsable, deberá xuntar coa súa solicitude documentación xustificativa da necesidade do novo sistema instalado, estimando noutro suposto que se atopa na situación prevista na primeira parte deste punto.

d) Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas, ou previstas nesta orde.

e) Compromiso de non beneficiarse nin se ter beneficiado de máis subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que illada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración, superen o custo da actividade obxecto desta orde.

4. No suposto de que a axuda sobrepasara por beneficiario a cantidade de 1.500 euros, sería da súa obriga achegar, con anterioridade ao seu outorgamento, acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social.

Artigo 5º.-Resolución e procedemento.

1. Delégase no director xeral de Transportes o exercicio das competencias para resolver os procedementos de concesión, aprobación do gasto e demais actuacións para o desenvolvemento das axudas obxecto desta orde.

2. Para tal efecto, a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte exercerá as funcións de instrución do procedemento previstas polo artigo 9 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que

se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Examinadas as solicitudes, instarase do solicitante a emenda ou complemento destas nos termos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, elevando proposta de declaración por desistido no caso de non se ter emendado ou achegado o solicitado.

O indicado órgano instructor poderá solicitar cantos informes técnicos considere convenientes para os seus fins.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órganos instructor emitirá, con carácter previo á súa avaliación, un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo anterior.

3. Unha vez informadas as solicitudes polo órgano instructor, procederase á súa avaliación, con base nos criterios establecidos nesta orde, por unha comisión de valoración, que funcionará como órgano colexiado segundo se establece no artigo 78.8º da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia 1/1999, do 7 de outubro, na redacción dada por Lei 14/2004, de 30 de decembro, de medidas tributarias e réxime administrativo.

A Comisión de valoración prevista nesta orde estará composta polos xefes de servizo de Informes, Autorizacións e Xunta Arbitral, de Estudos e Apoio Xurídico, e de Concesións, da Dirección Xeral de Transportes.

4. Publicarase a relación provisional das valoracións no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Transportes, sito en Santiago de Compostela, praza de Europa 5 A, 2ª planta Área Central- As Fontiñas, por un prazo de 10 días, en horario de oficina, podendo os interesados formular, dentro do mesmo prazo, cantas observacións estimen oportunas, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Examinadas as alegacións, de ser o caso, a comisión de valoración elevará a proposta de resolución ao órgano competente, quen ditará resolución definitiva.

5. O prazo para resolver as solicitudes e notificar a dita resolución ao abeiro desta orde será de seis meses, que se computarán a partir do seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, determinará que os interesados poidan entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, consonte co previsto polo artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. Fíxanse os seguintes criterios de selección para o outorgamento da subvención respecto das solicitudes formuladas, por orde de preferencia:

1º A menor antigüidade do vehículo no que se vaia instalar o sistema de seguridade; para tal fin tomarase en consideración o vehículo que estea efectivamente adscrito á autorización de transportes no momento de conclusión do prazo de presentación das solicitudes.

2º En caso de igual antigüidade do vehículo, a maior antigüidade do solicitante na titularidade da autorización de transporte da serie VT-N.

3º A prioridade temporal na presentación da solicitude; para este fin, considerárase como elemento temporal para considerar o do día da súa presentación.

7. Considerando o importe máximo obxecto das subvencións, a Dirección Xeral de Transportes publicará no seu taboleiro de anuncios, por 10 días, a relación definitiva de beneficiarios, con expresión da convocatoria, do programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, da cantidade concedida a cada beneficiario e da finalidade da subvención.

Igual comunicación remitirase á sección de transporte público de viaxeiros en vehículos de menos de 9 prazas incluído o condutor, do Comité Galego de Transportes por Estrada.

Artigo 6º.-Compatibilidades.

Esta subvención será compatible coas que poida conceder calquera outra Administración pública ou organismo público ou privado, nacional ou internacional, sempre e cando, e en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas, illada ou conxuntamente, poida ser tal que supere o custo da actividade subvencionada que debe desenvolver o beneficiario, segundo o disposto no artigo 78.9º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado por Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Artigo 7º.- Xustificación e pagamento.

Unha vez notificada a resolución á que se refire o artigo 5º desta orde, os interesados que resulten beneficiarios das subvencións concedidas disporán dun prazo de dous meses para proceder á instalación do equipamento e presentar ante a Administración o correspondente certificado da empresa instaladora, documentos xustificativos de pagamento, e certificado expedido polo organismo responsable do Centro de Emerxencia 112 SOS-Galicia xustificativa da alta do sistema GPS; a dita documentación deberá ser achegada no referido prazo ante a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte, presentándoa no rexistro xeral desta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda nos servizos centrais (com-

plexo administrativo de San Caetano s/n, Santiago de Compostela) ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de omisión da antedita xustificación no prazo sinalado na alínea anterior, entenderase que o beneficiario renuncia á axuda concedida, e procederáse de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Procederáse ao pagamento das subvencións, tras a comprobación de que a documentación antedita se axusta ao contido desta orde, mediante transferencia bancaria ao número de conta expresado na certificación bancaria que se xunte, segundo o artigo 4º desta orde.

Artigo 8º.-Condicionantes.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a lle comunicar á Dirección Xeral de Transportes calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou correcta aplicación da axuda concedida.

2. Os beneficiarios das subvencións non poderán alterar de ningún xeito a finalidade delas, para o cal a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos fundamento da concesión. Por tanto, os equipamentos obxecto desta liña de subvención deberán estar instalados e operativos, durante toda a súa vida útil, en todo momento e, en todo caso, durante un prazo mínimo de dous anos, no vehículo adscrito á autorización administrativa de transporte VT-N, mesmo no suposto de substitución ulterior do material móbil no que inicialmente se instalasen.

3. Os solicitantes e beneficiarios das subvencións deberán permitir que a devandita dirección xeral realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas; tamén facilitarán toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das axudas.

4. Os beneficiarios das subvencións deberán facer constar en todo tipo de publicidade e información

ao respecto, a condición de subvencionada pola Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, empregando para isto a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Para tal fin, e concretamente, establécese a obriga dos beneficiarios de inserir e manter permanentemente, en lugar visible para o usuario, na totalidade dos vehículos, dotados cos presentes equipamentos, da súa dotación do referido sistema de seguridade e a colaboración para o efecto, das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e de Xustiza, Interior e Administración Local.

5. O incumprimento de calquera obriga mencionada nesta orde poderá ser causa determinante da revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, das subvencións percibidas e dos xuros de demora correspondentes, todo isto de acordo e nos termos previstos polo artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado por Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; de xeito concreto, terase en consideración o previsto no punto 9 do referido artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999.

Artigo 9º.-Réxime xurídico e de recursos.

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As resolucións expresas ou desestimacións presuntas recaídas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interporse potestativamente recurso de reposición ante o órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, consonte co disposto polo artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou ben poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de ser resolución expresa ou no de seis contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto polos artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

3. Igualmente, os beneficiarios das subvencións reguladas por esta orde quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo

que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado por Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e ao previsto polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional

Cando o titular da autorización solicitante da subvención opte pola instalación dun sistema GPS que non estea validado e operativo polo Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia, a empresa instaladora del deberá presentar previamente para a súa validación un equipo no Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia.

Os equipos deben estar preparados para a súa integración dentro do sistema Taxgal (Sistema de Emerxencias de Taxis de Galicia, que consta dun número elevado de elementos: sistemas embarcados nos taxis, operador de telefonía, equipos receptores de alarmas, equipo integrador de alarmas e postos de atención e seguimento) no contorno da plataforma de operacións Séneca-Galicia do Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia, sendo imprescindible para a dita validación a realización dunha batería de probas desde o Centro de Emerxencias con presenza in situ do persoal da empresa instaladora e do persoal técnico do Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia.

Todos os custos que se deriven da dita integración e das probas necesarias serán por conta da empresa instaladora, sendo responsable o Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia unicamente da atención das alarmas que entren directamente nel, e o correcto tratamento destas.

De non se ter obtido e acreditado ante a Dirección Xeral de Transportes, a validación e integración do equipamento proposto no sistema do Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia no prazo máximo dun mes contado desde o vencemento do prazo de presentación de solicitudes, a Administración non admitirá a solicitude formulada, sen prexuízo da súa consideración para a seguinte orde de convocatoria que, se é o caso, se puidese ditar.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para que, no ámbito das súas competencias, dite os actos necesarios para a correcta aplicación e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2005.

Alberto Núñez Feijoo
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

PROCEDEMENTO AXUDAS AOS TITULARES DE TRANSPORTE DA SERIE VT-N PARA A INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE NOS SEUS VEHÍCULOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO OT311A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

D D*		DNI
☐ EN NOME PROPIO	DA EMPRESA _____	
☐ EN REPRESENTACIÓN	CON DOMICILIO FISCAL EN _____	
	E CIF _____	
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIONS	TELEFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CODIGO DO BANCO	CODIGO DA SUCURSAL	DIXITO DE CONTROL	CONTA CORRENTE
____	____	____	____
NOMIF DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO	
____		____	

EXPÓN:

Que é titular da autorización de servizo de transporte público da serie VT-N número: _____

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI E DO NIF OU CIF, CANDO CORRESPONDA, DO SOLICITANTE.
- ☐ COPIA DA TARXETA DE TRANSPORTE A NOME DO SOLICITANTE, PARA A QUE SOLICITE A AXUDA.
- ☐ CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA.
- ☐ MARCA E MODELO DO SISTEMA DE SEGURIDADE ELIXIDO POLO INTERESADO CON FACTURA PRO-FORMA DO PROVEDOR.
- ☐ CERTIFICADO DE HOMOLOGACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE.
- ☐ INFORME DE VALIDACIÓN DO SISTEMA GPS EXPEDIDO POLO CENTRO DE EMERXENCIAS 112 SOS-GALICIA; EN CASO DE NON DISPOR DEL EN TAL MOMENTO, DEBERÁ ACHEGARSE CERTIFICACIÓN DE TELO SOLICITADO E QUE ESTEA PENDENTE DE REALIZACIÓN DAS OPORTUNAS PROBAS PREVISTAS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL DESTA ORDE.
- ☐ AUTORIZACIÓN DEBIDAMENTE ASINADA SEGUNDO MODELO NORMALIZADO INCLUÍDO NO ANEXO II.
- ☐ DECLARACIÓNS DEBIDAMENTE ASINADAS SEGUNDO MODELO NORMALIZADO INCLUÍDO NO ANEXO III.

SOLICITA: que lle sexa concedida a axuda establecida ao abeiro desta orde, para os titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguimento e localización.

EXISTENCIA APLICABLE <i>Orde do 27 de maio de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2005 a concesión de subvencións aos titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguridade nos seus vehículos.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NUMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ _____ de _____ de 200		

Dirección Xeral de Transportes (CPTOPV - Xunta de Galicia)

ANEXO II

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA A SOLICITUDE DE DATOS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

D.D*		DNI	
☐ EN NOME PROPIO	DA EMPRESA _____		
☐ EN REPRESENTACIÓN	CON DOMICILIO FISCAL EN _____		
E CIF _____			
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS		TELÉFONO	FAX

Para os efectos da orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do _____, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2005 a concesión de subvencións aos titulares de autorización de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguridade nos seus vehículos.

AUTORIZO:

Á Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a recadar de calquera outro órgano das distintas administracións e entes públicos, cantos documentos sexan precisos para a verificación dos datos achegados xunto coa solicitude ou como complemento desta, así como para o tratamento informatizado dos meus datos de carácter persoal que sexan precisos para o fin desta orde de axudas.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta autorización

_____ con data _____

(Sinatura)

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D.D*		DNI	
☐ EN NOME PROPIO	DA EMPRESA _____		
☐ EN REPRESENTACIÓN	CON DOMICILIO FISCAL EN _____		
E CIF _____			
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS		TELÉFONO	FAX

Para os efectos da orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do _____, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2005 a concesión de subvencións aos titulares de autorización de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguridade nos seus vehículos.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- ☐ QUE CÚMPRE OS REQUISITOS NECESARIOS PARA ACOLLERSE A ESTA ORDE DE AXUDAS. ASÍ COMO DAS OBRIGAS E COMPROMISOS QUE NELA SE ESTABLECEN.
- ☐ QUE SON AUTÉNTICOS OS DATOS FACILITADOS E A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.
- ☐ QUE NON TEN INSTALADO NO VEHÍCULO PARA O QUE SOLICITA A AXUDA NINGÚN SISTEMA DE SEGURIDADE COMO O PREVISTO NO ARTIGO 1 DA ORDE DA CONVOCATORIA, OU, EN CASO POSITIVO, NON TER SIDO BENEFICIARIO, PARA A INSTALACIÓN DESTES, DAS AXUDAS CONVOCADAS CON BASE NAS ORDES DESTA CONSELLERÍA DE DATAS DO 8 DE SETEMBRO DE 2003 OU 23 DE FEBREIRO E 8 DE SETEMBRO DE 2004, XUSTIFICANDO NESTE CASO A NECESIDADE DO NOVO SISTEMA SOLICITADO.
- ☐ QUE SE COMPROMETE A FACILITAR A DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE POIDA REQUIRIR, ASÍ COMO A PERMITIR AS COMPROBACIÓNS E INSPECCIÓNIS QUE PARA O EFECTO ESTA ADMINISTRACIÓN CONSIDERE OPORTUNAS, OU PREVISTAS NESTA ORDE.
- ☐ QUE SE COMPROMETE A NON BENEFICIARSE NIN SE TER BENEFICIADO DE MÁIS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DOUTROS ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS QUE, ILLADA OU CONXUNTAMENTE COA OUTORGADA POR ESTA ADMINISTRACIÓN, SUPEREN O CUSTO DA ACTIVIDADE OBXECTO DESTA ORDE.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración

_____ con data _____

(Sinatura)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 1 de xuño de 2005 pola que se lle autoriza a implantación do bacharelato nas modalidades de ciencias da natureza e da saúde e o de humanidades e ciencias sociais, a partir do curso escolar 2005-2006, ao IES Miraflores do concello de Oleiros (A Coruña).

A Lei orgánica 1/1981, do 16 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, de acordo cos preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación.

De acordo co Decreto 454/2003, do 26 de decembro (DOG do 19 de xaneiro de 2004), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a implantación do bacharelato nas modalidades de ciencias da natureza e da saúde e o de humanidades e ciencias sociais ao IES Miraflores de Oleiros (código 15027952), a partir do curso escolar 2005-2006.

Disposicións derradeiras

Primeiro.-Autorízanse as direccións xerais de Persoal e a de Centros e Ordenación Educativa a tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segundo.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se publica a resolución das axudas para o financiamento de estadias de profesores de fóra do sistema universitario de Galicia convocadas pola Orde do 22 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 1 de marzo).

A Orde do 22 de febreiro de 2005 (DOG do 1 de marzo), pola que se convocan axudas para o financiamento de estadias de profesores de fóra do sistema universitario de Galicia prevé a concesión de axudas

para financiar as estadias de profesores de recoñecido prestixio, pertencentes a centros situados fóra da nosa comunidade autónoma, que desexen colaborar temporalmente coas universidades galegas, con motivo de difundir os seus coñecementos entre a nosa comunidade universitaria co fin de contribuír a mellorar a calidade do sistema universitario de Galicia.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, e atendendo o informe-proposta elevado pola comisión avaliadora, a través da Dirección Xeral de Universidades, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles unha axuda para o financiamento de estadias dos profesores de fóra do sistema universitario de Galicia, ás universidades que se relacionan a continuación, e pola contía que se indica:

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TITULARES

Profesor	Duración da estadia (en meses)	Contía mensual	Contía concedida
Kinyon, Michael	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Osorio, Fernando	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Sreenivasan, Kunnatheeri	2	2.328,37 €	4.656,74 €
Alen Garabato, Mª Carmen	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Alcaraz Varó, Enrique	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Zéberg-Mikkelsen, Claus K.	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Moreno-Brid, Juan Carlos	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Fernández, Susana Silvia	1	2.328,37 €	2.328,37 €
García Partida, Paulino	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Valles, Vicent	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Palmer Pol, Alfonso Luis	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Kovalenko, Sergey A.	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Asensio Aguilar, Gregorio	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Thorn, Colin	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Hugo de Jesús, Jacome Estrella	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Total			37.253,92 €

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESERVA

Profesor	Duración da estadia (en meses)	Contía mensual	Contía concedida
Simon, Yvan	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Pirashvili, Teimuraz	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Gundel, Jeanette	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Berenstein, Igal	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Inassaridze, Nikoloz	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Wierszicka, Anna	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Krajewska, Barbara	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Soltero Martínez, Félix Armando	1	2.328,37 €	2.328,37 €
Holzwarth, Josef F.	1	2.328,37 €	2.328,37 €